



I GALA DA ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS DE VILALBA

PRESENTACIÓN

A Asociación de Empresarios Sete Pontes é unha asociación empresarial sen ánimo de lucro que defende os intereses dos empresarios e comerciantes do municipio de Vilalba, realiza un labor de intermediación e interlocución entre os diferentes axentes sociais, atendendo ás necesidades de formación, información e innovación dos mesmos e contribuíndo ó desenvolvemento económico de Vilalba e a súa zona de influencia.

Co obxectivo de promover o recoñecemento social da figura do empresario e divulgar o desempeño do seu labor ó servizo da sociedade, a Asociación de Empresarios Sete Pontes de Vilalba convoca a "I Gala de Empresarios".

Estes premios supoñerán para os empresarios ganadores a proxección, a través dos medios de comunicación e publicidade, da súa actividade empresarial. Ó mesmo tempo, servirá de exemplo de superación mostrando que o emprendemento é unha oportunidade de desenvolvemento laboral, económico, persoal e social.

LUGAR E DATA DE CELEBRACIÓN

A "I Gala de Empresarios" terá lugar o venres 22 de febreiro de 2019, no Auditorio Carmen Estévez de Vilalba, ás 20:30h. (recepción de asistentes ás 20:00h.).

PREMIOS

Esta I Edición da Gala de Empresarios comprende dúas categorías e cinco mencións de honra:

- Empresario do Ano
- Emprendedor do Ano
- Mención de honra á Responsabilidade Social Empresarial
- Mención de honra á Internacionalización
- Mención de honra ó empresario Vilalbés no exterior
- Mención de honra ó empresario en sector servicios
- Mención de honra ó empresario da comarca "Terra Chá"

BASES DOS PREMIOS DA I GALA DE EMPRESARIOS DE VILALBA

1. Primeira: Requisitos dos candidatos

- Pertencer á Asociación de Empresarios Sete Pontes¹
- A empresa terá domicilio social na comarca da Terra Chá²
- A empresa non pode ser propiedade de entidades ou empresas de titularidade pública

¹(Exceptuando o premio ó empresario vilalbés no exterior e ó empresario da comarca "Terra Chá")

²(Exceptuando o premio ó empresario vilalbés no exterior)

2. Segunda: Premios

Os premios teñen carácter honorífico facendo entrega dun galardón exclusivo da Gala

Categorías Principais:

- Empresario do Ano
- Emprendedor do Ano
- Empresario Vilalbés no exterior

Mencións de Honra:

- Á Responsabilidade Social Empresarial
- Á Internacionalización
- Empresario Vilalbés no exterior
- Empresario no sector servicios
- Empresario da comarca da Terra Chá

3. Terceira: Xurado

O xurado será constituído sen prexuízo de integrar no mesmo a aquelas persoalidades que pola súa relevancia política ou empresarial fose do seu interese da súa participación.

As decisións do xurado serán inapelables e adoptaranse por maioría simple.

A participación no Concurso implica a íntegra aceptación das presentes bases que quedan á interpretación do Xurado.

O xurado estará constituído por:

- Un membro da directiva da Asociación de Empresarios Sete Pontes
- Un técnico de emprego do Concello de Vilalba
- Presidenta do GDR-2 Asociación de Desenvolvemento Comarcal da Terra Chá
- Un membro da Federación de Comercio de Lugo
- Un membro da Confederación de Empresarios de Lugo

4. Cuarta: Criterios de Valoración

O xurado conta con total liberdade de criterio tendo en conta os seguintes indicadores:

- **Empresario do Ano**
 - Volumen de facturación ou evolución dos beneficios da empresa
 - Creación de emprego ou nº de empregados
 - Inversión en Vilalba
 - Implicación co Asociacionismo en Vilalba
 - Boas prácticas na xestión empresarial
- **Emprendedor do Ano**
 - Non ter cumpridos os 41 anos na data de presentación da súa candidatura ós premios ou que a empresa teña unha antigüidade menor de 2 anos
 - Volumen de facturación
 - Creación de emprego
 - Innovación
- **Empresario Vilalbés no exterior**
 - Volumen de facturación
 - Creación de emprego
 - Representación de Vilalba no exterior
- **Mención de Honra á Responsabilidade Social Empresarial**
 - Valorarase a contribución activa e voluntaria á mellora social, económica e ambiental, especialmente ó crecemento sustentable e as actuacións de igualdade.

- **Mención de Honra á Internacionalización**
 - Valorarase a expansión de produtos e servizos en mercados internacionais.
 - Valorarase o impulso á diversificación tanto xeográfica como funcional.
 - Valorarase a asignación de recursos financeiros e humanos apostando por unha estratexia claramente internacional.

- **Empresario da comarca da Terra Chá**
 - Volumen de facturación
 - Creación de emprego
 - Implicación na comarca

- **Empresario do sector servizos**
 - Traxectoria
 - Implicación co Asociacionismo

5. Quinta: Presentación de Candidaturas

O modelo de candidatura deberá ser cumprimentado e entregado xunto coa documentación complementaria en formato dixital á Asociación de Empresarios Sete Pontes na seguinte dirección electrónica: contacto@poligonosetepontes.com

As candidaturas presentadas deberán axustarse en modo, tempo e forma ó exposto nas bases dos Premios e estar debidamente documentadas e razoadas, con datos e información que se consideren oportunos para fortalecer as propostas e ser suficientes para que o xurado poida analizalas en profundidade.

As candidaturas, xunto coa documentación sinalada nas bases, terá que remitirse antes das 14:00 horas do martes 12 de febreiro de 2019.

* A Xunta Directiva poderá presentar candidaturas de entre os seus socios e asociados.

6. Sexta: Documentación

- Solicitud de presentación da candidatura
- Declaración xurada
- Fotocopia do Documento Nacional de Identidade dos socios da empresa candidata
- Tarxeta CIF da empresa

- Declaración Censal do Inicio de Actividade (Modelo 036 o 037) presentado ante a Axencia Tributaria
- Balance simplificado do exercicio anterior ou un resumen anual de ingresos e gastos
- Logotipo da empresa

7. Séptima: Protección de Datos

De conformidade co disposto na Lei Orgánica de Protección de Datos de Carácter Personal 15/99, a Asociación de Empresarios Sete Pontes informa que os datos recollidos na inscrición dos Premios da I Gala de Empresarios serán incorporados a un ficheiro denominado "I Gala de Empresario de Vilalba" inscrito no Rexistro da Axencia Española de Protección de Datos do que é responsable a Asociación de Empresarios Sete Pontes.

Sendo os datos obtidos co consentimento expreso do interesado serán utilizados única e exclusivamente para os presentes PREMIOS.

Coa aceptación das bases, vostede consinte o tratamento dos datos recollidos na inscrición coa finalidade mencionada e autoriza expresamente á Asociación de Empresarios Sete Pontes para comunicarlle os citados datos a terceiras entidades. Dita comunicación farase coa única finalidade de poder levar a cabo a organización da I Gala de Empresarios de Vilalba.

Os posibles destinatarios serán todas aquelas entidades que poidan formar parte da organización do evento.

Pode exercer os dereitos de acceso, oposición, rectificación e cancelación nos termos previstos pola Ley Orgánica 15/1999 de Protección de Datos de Carácter Persoal mediante carta e entregando a fotocopia do DNI nas seguinte dirección: Asociación de Empresarios Sete Pontes, Rúa do Castiñeiro E-1, Polígono Industrial, 27800 Vilalba, Lugo.

8. Oitava: Aceptación

A concurrencia desta convocatoria supón a plena aceptación destas bases.